

Cor complementaria	As cores complementarias son aquelas cores que se sitúan diametralmente opostas no círculo cromático: amarelo-violeta, laranxa-azul, vermello-verde.
Cor plana	Falamos de cores planas cando a cor se aplica sen modulación tonal, dando lugar a superficies de cor uniforme, homoxénea e sen textura.
Cor primaria	As cores primarias son aquelas cores que non se poden obter mediante mestura doutras cores. Na natureza son: vermella, amarela e azul, mentres que nas artes gráficas son: cián (azul verdosa), amarela e magenta (vermella azulado).
Cor secundaria ou binaria	As cores secundarias ou binarias son aquelas cores que se obteñen da suma de dúas primarias entre si. As cores secundarias son: laranxa (vermella+amarela), violeta (vermella+azul) e verde (amarela+azul).
Espazo límite	Con referencia á escultura. Trátase do espazo que inflúe dalgún xeito sobre a forma escultórica, delimitando a súa expansión. A forma escultórica ten que pegarse e adaptarse a ese espazo, moderando os relevos, os saíntes, os volumes, cun modelado de poucas ondulacións. Exemplo é a escultura románica, dominada polas necesidades da arquitectura.
Espazo medio	Con referencia á escultura. Trátase dun espazo aberto, onde os volumes poden expansionarse e despregarse. O espazo como medio ambiente, favorece a dispersión dos volumes e múltiples planos; nel a forma escultórica pode moverse con liberdade.
Estilo	Nas súas orixes facía referencia a un punzón que os antigos usaban para escribir en táboas enceradas ou superficies brandas. O xeito de usalo de cada escribán determinaba a existencia dunha caligrafía ou “estilo” peculiar. De aí deriva o sentido actual: conxunto de trazos orixinais e persistentes nun artista, época, Escola ou zona xeográfica que permiten identificar a súa autoría e orixe: o estilo de Tiziano, o estilo gótico.
Iconografía	Rama da Historia da Arte que estuda os temas representados na obra de arte, as súas fontes (xeralmente texto literario, historia ou alegoría) e o seu significado simbólico. Na arte occidental hai dúas grandes series iconográficas: a mitoloxía clásica e a cristiá.

Liña serpentinata	Liña da composición da figura humana que se caracteriza polo movemento xiratorio dos cadrís, ombreiros e cabeza, que se contrabalancean cun xiro violento sobre si mesmos. Propia da escultura do Manierismo e do Barroco.
Modelado	En <b>pintura</b> , técnica de imitar o volume dos obxectos de tres dimensións dando a aparencia de tridimensionalidade, que se consegue mediante a gradación de luces e sombras e o xogo de cores claras e escuras. En <b>escultura</b> , técnica de traballar unha materia maleable, como cera ou arxila, dando lugar a unha obra de forma tridimensional.

ATENCIÓN:

Neste parcial entrará tamén todo o vocabulario da 1ª avaliación